

## ANEXO IV

## MODELO DE RENUNCIA

D./Dª  con DNI/NIF nº   
actuando como titular ou en representación de   
que ten o seu domicilio en

**MANIFESTA**

Que o día recibiu a notificación da concesión da subvención que lle foi outorgada ao abeiro da Orde do \_\_\_\_\_ pola que se establecen as base reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva das subvencións para empresas privadas, e outras entidades sen ánimo de lucro que realicen actividades de conservación, protección e difusión dos camiños de Santiago e se procede á súa convocatoria para o ano 2010, para o proxecto  con clave de expediente  por unha contía de  euros.

**DECLARA**

Que renuncia á subvención concedida, cos efectos que establece a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

, de de

Asdo.:

**CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

*Resolución do 18 de marzo de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do acordo da comisión negociadora do convenio colectivo para as fábricas de taboleiro do grupo Finsa en Galicia, relativo á prórroga do actual convenio.*

Visto o texto do acordo da comisión negociadora do convenio colectivo para as fábricas de taboleiro do

grupo Finsa en Galicia, que se subscribiu con data 14 de outubro de 2009, entre a representación empresarial e os representantes dos traballadores, relativo á prórroga por un ano de duración do actual convenio colectivo para as fábricas de taboleiro do grupo Finsa en Galicia, publicado no *Diario Oficial de Galicia* o 15 de xaneiro de 2007, e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

Esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

**ACORDA:**

Primeiro.-Ordenar a inscrición do referido acordo no Rexistro Xeral de Convenios desta dirección xeral, con notificación á comisión negociadora.

Segundo.-Remitir o texto orixinal ao correspondente servizo deste centro directivo.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2010.

Odilo Martiñá Rodríguez  
Director xeral de Relacións Laborais

**ANEXO**

**Acta de constitución e acordo da mesa negociadora do convenio colectivo das fábricas de taboleiro do grupo Finsa en Galicia**

Ás 13.00 horas do día 14 de outubro de 2010, nos locais da empresa *Financiera Maderera, S.A.*, en Santiago de Compostela, reúnen-se as persoas que a continuación se mencionan, co obxecto de constituír a comisión negociadora do convenio colectivo das empresas de fabricación de taboleiros do grupo Finsa en Galicia.

Parte social:

1. Esteban Boquete Landeira.
2. Ricardo Figueira Rodríguez.
3. Marcial Casas Couselo.
4. Fernando Guillín Dubra.
5. Rubén Cao Rodríguez.
6. Álvaro Lois Fernández.
7. Miguel A. Pereiro Balseiro.
8. Abel García Nieto.
9. José Otero Casal.
10. Miguel Ángel Fernández López.
11. José Manuel Caloto Sandamil.
12. Pablo Castro Pena.

Parte empresarial.

1. Francisco Roca López.
2. Javier Portela López.
3. Modesto Vázquez Vilares.
4. Luis Castro Besada.
5. Gonzalo Machado Domínguez.
6. Daniel Noya Miramontes.
7. Concepción Breña Casado.
8. Ramón Vázquez Lista.

Tras un primeiro intercambio de opinións, os asistentes adoptan por unanimidade os seguintes acordos:

1. Ambas as partes se recoñecen reciprocamente capacidade e lexitimación para a negociación do convenio colectivo no ámbito de aplicación das fábricas de taboleiro de Finsa en Galicia, de conformidade co disposto no artigo 87, número 2º do Estatuto dos traballadores.

O convenio colectivo será de aplicación aos centros de Santiago de Compostela, Padrón, Rábade (Lugo) e San Cibrao das Viñas (Ourense) da empresa *Financiera Maderera, S.A.* (Finsa), pactándose a constitución dunha comisión negociadora integrada por 12 membros designados pola parte social, segundo a súa representatividade sindical nos devanditos centros.

Así mesmo, establécese que os traballadores designados para formar parte da comisión negociadora poderán ser substituídos por outros membros, co fin de manter o calendario de negociación sen que dependa da asistencia de todos os membros designados.

2. Logo de determinación da participación sindical, establecida en atención á representatividade sindical das últimas eleccións sindicais que tiveron lugar nos catro centros de traballo, acórdouse que a parte social da comisión negociadora se compoñe de acordo coas porcentaxes de representación seguintes:

-Comisiones Obreras (CC.OO.): 51,06%.

-Unión General de Trabajadores (UGT): 34,04%.

-Confederación Intersindical Galega (CIG): 14,90%.

3. Constituír a comisión negociadora do convenio colectivo de las empresas de fabricación de taboleiro do grupo Finsa en Galicia, para o convenio que deberá rexer a partir do 1 de xaneiro de 2010, que queda integrada polas seguintes persoas:

Parte social:

-Por CC.OO.:

1. Esteban Boquete Landeira; DNI nº: 33301270.
2. Ricardo Figueira Rodríguez; DNI nº: 33264306.
3. Marcial Casas Couselo; DNI nº: 33301633.
4. Fernando Guillín Dubra; DNI nº: 33299884.
5. Rubén Cao Rodríguez; DNI nº: 44456788.

-Por UXT:

1. Álvaro Lois Fernández; DNI nº: 33239000.
2. Miguel A. Pereiro Balseiro; DNI nº: 34996643.
3. Abel García Nieto; DNI nº: 78799291.
4. José Otero Casal; DNI nº: 35471355.
5. Miguel Ángel Fernández López; DNI nº: 33843201.

-Pola CIG:

1. José Manuel Caloto Sandamil; DNI nº: 33347070.
2. Pablo Castro Pena; DNI nº: 33348258.

-En representación da empresa:

1. Francisco Roca López; DNI nº: 33851161.
2. Javier Portela López; DNI nº: 35256743.
3. Modesto Vázquez Vilares; DNI nº: 33287691.
4. Luis Castro Besada; DNI nº: 35293016.
5. Gonzalo Machado Domínguez; DNI nº: 34955250.
6. Daniel Noya Miramontes; DNI nº: 33291958.
7. Concepción Breña Casado; DNI nº: 41082549.
8. Ramón Vázquez Lista; DNI nº: 32753769.

4. Dar por iniciadas as negociacións tendentes á consecución dun acordo de convenio colectivo para as fábricas de taboleiro do grupo Finsa en Galicia e como queira que están presentes todos os membros da comisión negociadora, acórdase dar por iniciada a negociación e como resultado desta, ambas as partes acordan a prórroga por un ano de duración do actual convenio colectivo para as fábricas de taboleiro do grupo Finsa en Galicia (DOG do 15-1-2007), e estender a súa vixencia desde o 1 de xaneiro até o 31 de decembro de 2010, co fin de manter a estabilidade do marco de relacións laborais durante o período de vixencia do expediente de regulación temporal de emprego pactado.

O convenio continuará vixente nos seus propios termos, e polo tanto, establécese un incremento salarial do IPC real do ano 2010+1 punto, de conformidade co disposto no artigo 75 do convenio en vigor, e sendo intención de ambas as partes que os traballadores do cadro de persoal non perdan poder adquisitivo no ano 2010 como consecuencia da aplicación da cláusula de regularización de IPC de 2009.

5. De conformidade co disposto no artigo 5 do convenio colectivo citado e obxecto de prórroga da súa vixencia por unha anualidade, a comisión paritaria estará composta polos seguintes membros:

Parte social:

-Por CC.OO.:

1. Esteban Boquete Landeira.
2. Ricardo Figueira Rodríguez.
3. Fernando Guillín Dubra.
4. Rubén Cao Rodríguez.

-Por UGT:

1. Álvaro Lois Fernández.
2. José Otero Casal.
3. Miguel Ángel Fernández López.

-Pola CIG:

1. José Manuel Caloto Sandamil.

En representación da empresa:

1. Francisco Roca López.
2. Javier Portela López.
3. Modesto Vázquez Vilares.
4. Luis Castro Besada.
5. Gonzalo Machado Domínguez.
6. Daniel Noya Miramontes.
7. Concepción Breña Casado.
8. Ramón Vázquez Lista.

Ambas as partes poderán nomear e revogar as persoas designadas, segundo o réxime establecido neste artigo, sen máis trámite que a notificación por escrito dirixida ao secretario da comisión paritaria, quen o porá en coñecemento do presidente.

6. Ambas as partes acordan facultar a Francisco Roca López para que presente esta acta e os seus anexos na Dirección Xeral de Traballo, co fin de que esta lle dea o trámite oportuno, e procedase ao rexistro, o depósito e a publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, deste acordo de prórroga do convenio colectivo das fábricas de taboleiro de *Financiera Madera, S.A.* (Finsa) en Galicia.

E en proba de conformidade, ratificando en todos os seus aspectos esta acta, os asistentes asinan no lugar e data arriba indicadas.

## AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

*Resolución do 22 de abril de 2010 pola que se ordena a publicación do convenio de adhesión á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística do Concello de Vilaboa.*

O día 13 de xaneiro de 2010 a axencia e o Concello do Vilaboa asinaron o convenio de adhesión dese concello á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

De conformidade co establecido no artigo 9.1º dos estatutos da axencia, aprobados polo Decreto 213/2007, do 31 de outubro, dispoño a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2010.

María Martínez Allegue  
Directora da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística